

## ADMINISTRACIÓN DE FONDOS NOS MUSEOS ARQUEOLÓXICOS

**Eduardo Ramil Rego**

*Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Villalba*

### RESUMO

No presente traballo estase a presentar un sistema de administración de fondos para museos arqueolóxicos. O procedimientto deseñado baséase na confección dunha serie de fichas e na existencia de varios libros nos que se rexistran os movementos de fondos. Coa súa utilización asegúrase un correcto tratamento museolóxico dos materiais, o mesmo tempo que se integran tódolos datos relativos as pezas.

### RESUMO

*En el presente trabajo se presenta un sistema de administración de fondos para museos arqueológicos. El procedimiento diseñado se basa en la confección de una serie de fichas y en la existencia de varios libros en los que se registran los movimientos de fondos. Con su utilización se asegura un correcto tratamiento museológico de los materiales, al mismo tiempo que se integran todos los datos relativos a las piezas.*

### 1. INTRODUCCIÓN

Dentro do eido da Museografía, é dicir dun eido concreto que atinxe ós problemas cotiáns e de organización dos museos, ocupa un lugar principal a documentación de fondos. Da súa posta ó día e da aplicación dun sistema estriccto dependen tódalas actividades cun museo ten de seu: conservación, divulgación, estudio...

Debemos ter en conta que a presenza do persoal dun museo non é perpetua, os fondos permanecen máis alá no tempo cás xentes que os catalogan. Por iso os sistemas de catalogación que se adopten nos centros deben ficar por escrito neles para que logo do tempo calquer persoa poda ser quen de entendelos. Débese reixeita-lo emprego de escritura manual e de claves do tipo que señan, e débese, sobre todo, levar a parte principal da documentación de fondos ó día, e non porfiar na própia memoria ou na allea.

O presente traballo non tenta analiza-las diversas propostas de documentación para fondos museísticos (Porta, E., Montserrat, R.M. e Morral, E., 1982; Caballero

Zoreda, L., 1983, Alcalde, G., et al., 1988; López Redondo, A., López de Prado Nistal, C., Lemos Ramos, B., 1993) nin entrar en polémica de ningún tipo; pola contra, a nosa intención é presenta-lo sistema que temos deseñado e se está a empregar na *Fundación Pública Municipal Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Villalba*. Trátase dun centro de recente creación e dunha temática concreta, os fondos que contén forón entrando ó longo dos cinco anos que leva en funcionamento.

O sistema empregado é de relativa complexidade, pero permite o acceso á distinta información sobre os fondos dende diferentes vías. Nun esquema onde se amosan as distintas fases administrativas que concernen ós fondos (Fig.: 1), observamos que moitas delas están interrelacionadas, e que unha parte esencial dos datos se repite en distintos formularios e fichas, isto é necesario para unha perfecta individualización dos materiais e o seu posterior seguimento.

## 2. MOVIMENTO DE FONDOS.

Tódala documentación relativa ós movementos de fondos rexístrase por duplicado, un exemplar no arquivo de fondos e outro no arquivo documental do centro sendo tratados do mesmo xeito que calquer outra documentación (asento no libro de entradas/saídas, selo de entrada/saída con data, nº de rexistro, destino/procedencia, destinatario/remitente, resumo, contido e código).

Os movementos de fondos podémolos agrupar en tres categorías: altas, baixas e movementos temporais.

As **altas** constitúen as entradas de material nun museo, poden revestir distintos xeitos: perpetua, gratuita e sen restricción de uso, feita persoalmente ou por vontade testamental (doación); mediante unha transacción económica (compra); e cando o propietario do material o cede gratuitamente, reservándose o dereito á retira-lo (depósito).

As **baixas** prodúcense cando deixa de existir físicamente un obxecto dentro do centro, pode ser por sustracción, deterioro, retiro do depósito, etc..

Os **movimentos temporais** son aqueles movementos que afectan ós materiais dun xeito temporal. Un obxecto ou colección pode saír do centro temporalmente (saída temporal) para ser restaurado, para practicarlle algunha análise, ou para ser incluído dentro dunha exposición que organice outro centro. Como é lóxico tamén pode entrar algún obxecto (empréstito) para estes mesmos menesteres.

### 2.1. FORMULARIOS.

En tódala documentación de movemento de materiais é imprescindible que as dúas partes que interveñen no acto esteñan perfectamente identificadas, que apareza especificada a forma de entrada, que se relacionen os obxectos motivo do acto, e se reflecten, se é ocaso, as condicións particulares que deban asumirse por ámbalas dúas partes.

Asemade débese incluír nas observacións os máis datos posibles que nos permitan logo cubri-la ficha xenérica, tales como lugar de procedencia, relación con algún xacemento arqueolóxico coñecido, data do achado, etc.. É moi importante facer constar estas observacións xa que a cotío o momento da entrega é o único contacto directo que se ten coa persoa que entra os materiais.

No intre en que ten lugar o movemento de fondos, calquera que seña a súa natureza, débese cubri-lo pertinente formulario e face-lo correspondente asento nos libros.

### **Doacións.**

Cando unha persoa ou institución cede voluntariamente de xeito perpetuo, gratuito e sin restricción de uso. Existe una variante: o legado, que é cando a cesión réalízase *testamentalmente tra-la defunción do propietario* (Fig.: 2).

### **Compras.**

A compra no que se refire á propiedade sobre o obxeto, unha vez levada a cabo a transacción económica, é semellante á doación. Ó existires unha relación de compra-venta, ademáis dos datos xerais, é necesario facer consta-los datos contableis tales como cuantía, número de rexistro e data de rexistro no Libro de Asento de Facturas do recibo ou factura expendido polo vendedor, e a data e xeito de pago (Fig.: 3).

En canto á política de compras, os Estatutos do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Villalba teñen previsto dous xeitos. Para os obxectos cuio valor de compra exceda as 10.000 pesetas, o Director do centro necesita o visto e prace do Padroado do Museo para finaliza-la operación, cando non exceda desta cantidade chega coa súa comunicación o Padroado unha vez se teña feito a incorporación.

### **Depósitos.**

O depósito é un acto civil e voluntario no que se entregan materiais dunha propiedade sin renunciar a ela, podendo retirar-lo material cando estime convinte a parte propietaria (Fig.: 4).

Como non existe a propiedade legal do material, é necesario contar cunhas condicións mínimas que debe asumir o titular dos materiais para permitir un axeitado tratamento museográfico:

- O Museo comprométese a velar, custodiar e conserva-lo material que lle é confiado.
- Os materiais depositados non poderán ser cedidos nin vendidos a terceiros. Nembargantes, cando por circunstancias especiais como restauración, estudos que non se podan realizar no propio museo, petición por parte doutras entidades para exposicións temporais, os materiais poderán sair do museo por un periodo de tempo determinado.
- Para poder retirar un obxeto ou colección depositada, deberá ser comunicado ó Padroado do Museo con quince días de antelación, e acredita-la propiedade legal do mesmo.

Así non se necesita autorización para estes supostos, e ó depositante se lle participa dos requisitos para retirar-lo material. Se o depositante o requirise pódense establecer outras condicións, pero si éstas son moi impositivas é preferible non acepta-lo depósito.

### **Baixas.**

As baixas de material pódense dar por diversos motivos: retiro dos depósitos, roubo, destrucción motivada polos axentes atmosféricos ou por análises (Fig.: 5).

No caso de roubo no apartado de observacións é interesante incluí-la data e lugar de denuncia. Porfiando nos corpos policiais ata transcurrir un ano do roubo daremos unha baixa provisional (formulario para baixa, facendo constar a súa provisionalidade, e

anotación á lapis no Libro de Rexistro de Fondos). Se, en caso improbable, aparecera o material logo de cursa-la baixa definitiva, daríase unha nova entrada.

### **Empréstitos.**

Son aqueles casos nos que entran materiais para unha actividade determinada: exposición, estudio, análise, restauración. Non forman parte dos fondos do museo, pero ó entrar nel, e moitas veces situarse nos seus almacéns xerais, é *imprescindible documentalos* tanto cun formulario (Fig.: 6) como có asento no Libro de Empréstitos de Fondos.

Nunhas condicións xerais inclúense motivos do empréstito, a data de devolución, os seguros pertinentes, e a quen lle corresponden os custos de seguro e transporte. Cando se trate dunha análise ou traballo que teña un custe económico débese reflexar o número de folia de pedimento de traballos.

### **Saídas Temporais.**

Semellante o anterior, pero en senso contrario, é dicir, saídas polos motivos antes reflectados. As saídas temporais (Fig.: 7) deben ser aprobadas polo Consello de Xestión (órgano colexiado decisor entre o Padroado e a Dirección no que están presentes o Presidente do Padroado, Director, Segretario, Conservador, e Directores das Seccións) e comunicadas ó Padroado na seguinte reunión que se celebre logo da saída do material.

Na autorización para saídas débese facer constar a data de reunión que a autoriza, o motivo da saída, o responsable que recibe os materiais, a data de devolución, e a documentación de cláusulas de envío e seguros. É interesante facer constar no mesmo formulario a data de devolución.

## **2.2. LIBROS.**

A existencia dos devanditos formularios non anula a dos libros foliados, selados e con dilixencia de apertura nos que se debe face-lo asento dos distintos movementos de fondos. No Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Villalba se conta con tres: Libro de Rexistro de Fondos, Libro de Saídas Temporais e Libro de Empréstito de Fondos.

### **Libro de Rexistro de Fondos.**

É a base da documentación dos fondos. Nel (Fig.: 8 y 9) anótanse as coleccións ou materiais que entran no museo, adscribíndolle o número de rexistro e data de alta (e de baixa cando fose necesario). As datas reflectidas deben ser as mesmas que as dos formularios. Non se fan constar nel as saídas temporais e os empréstitos.

Nos campos que ten o Libro de Rexistro de Fondos anótase: O nome do obxeto ou colección, que debe ser de abondo significativo para axudar a súa identificación; A clasificación xenérica que ofrece unha idea sobre a natureza do fondo; A adscripción cultural, pode expresarse a cultura ou fase a que pertence o fondo, e si se coñece a cronoloxía débese incluír; A sigla que porta o obxeto ou colección, ou, no seu defecto, o número de rexistro; A fonte de ingreso, é a persoa ou institución que fai entrega dos bens obxeto de entrada; O xeito de ingreso, refírese ás distintas modalidades (depósito, doación, etc.); A causa da baixa (roubo, destrución etc.); E para rematar inclúese unha breve descripción e/ou as observacións necesarias.

A clasificación xenérica é aquela que nos ofrece, xunto co nome, un achegamento ás características do obxeto ou colección. Establécese segundo a función, uso, ou

natureza do ben. Existen, tamén, dúas categorías que fan referencia á conxuntos ou coleccións compostas por materiais diversos.

Cando nun obxeto concurren características que nos podan levar a súa inclusión dentro de varias categorías, debemos elixir só unha, baseándonos na función ou uso principal para o cal o obxeto foi realizado, e seguindo a proposta seguinte:

<b>Indeterminada</b>	cando non se poda incluír nas categorías seguintes
<b>Material de construción</b>	ladrillos, tégalas, ímbrices, columnas, restos de construcións
<b>Material de escavación</b>	conxunto procedente de traballo de campo arqueolóxico.
<b>Mostras para análise</b>	sedimentos, ósos, carbóns
<b>Obxetos de arte</b>	mosaicos, relevos, estucos, debuxos, arte moble, adornos personais
<b>Obxetos de uso doméstico</b>	vasixas, olas, botellas, mobles, peites
<b>Obxetos de uso persoal</b>	fíbulas, fibelas, decoración de vestimenta, roupa, calzado
<b>Obxetos militares</b>	espadas, puñais, cascos, escudos, armas, estandartes militares
<b>Obxetos relixiosos</b>	estelas, aras, laudas
<b>Obxetos sociais</b>	medallas, moedas, miliarios, placas conmemorativas, textos, epígrafes, xoguets
<b>Restos orgánicos</b>	sementes, restos paleontolóxicos, restos antropolóxicos, madeiras, pólenes, restos malacolóxicos, carbóns
<b>Útiles e ferramentas</b>	útiles, instrumentos, ferramentas, coitelos, lascas, equipos de produción, muiños
<b>Varia</b>	cando unha colección esteña composta por materiais diversos

### Libro de Saídas Temporais.

Nel (Fig.: 10) faise constar a data de saída, e cando se produza, a de devolución. Ademais da data na que o Consello de Xestión autorizou a saída do ben moble, causa ca propiciou (exposición, analítica, restauración, etc.) e lugar de destino.

### Libro de Empréstitos de Fondos.

É semellante ó anterior, pero en vez de reflectir unha saída de material, faíno dunha entrada (Fig.: 11). Debe consta-la data de entrada, a de devolución, o nome do obxeto ou colección, a procedencia, a sigla e/ou rexistro, e o motivo do empréstito.

### 2.3. TALONARIOS.

A existencia de talonario (Fig.: 12) resulta especialmente interesante no caso dos depósitos, aínda que se cubre en tódolos outros casos. Nel constan os datos personais da persona ou entidade que entra os materiais, o obxeto ou colección, o número de rexistro de fondos, o número documental, e o concepto de entrada.

A matriz quédase no Museo, e dásele a outra parte a quen fai a entrada, así, no caso dos depósitos, abonda con presentar esta parte para retira-lo obxeto ou colección depositada.

## 3- NÚMERO DE REXISTRO E SIGLAS.

Empregamos un sistema de rexistro numérico, pechado por anos, de varios campos. O campo primeiro fai referencia ó ano de entrada; o segundo ó número de entrada de fondos dentro do ano, e ó terceiro ó número de obxeto individual dentro da entrada.

Cando se trata dunha colección, ou unha peza que teña asento individual no Rexistro de Fondos, o número de rexistro consta de dous campos (ano - nº de entrada). Cando se alude a un obxeto individual englobado dentro dunha colección o número de rexistro ten tres campos (ano - nº de entrada - nº de obxeto individual).

NÚMERO DE REXISTRO			
Ano	Entrada	Obxeto	Nome
94	02		Muiño navicular
94	13		Colección Punta do Castro
94	13	001	Fragmento cerámico
94	13	002	Fíbula

A **sigla** é unha inscrición que porta cada obxeto para poder ser individualizado. A sigla deberá ser permanente e única para cada obxeto, evitando as etiquetas adhesivas e a escritura directa sobre as pezas.

O proceso seguido é moi sinxelo, primeiro aplicase unha capa de fixativo, para poder escribir con facilidade e para que a tinta non penetre polos poros da peza, de seguido anótanse os códigos con tinta chinesa (blanca ou negra, segundo a cor da peza), para rematar cunha segunda capa de fixativo. O fixativo debe ser soluble en algún disolvente para ser eliminado no momento en que sexa necesario.

A sigla debe ser lexible e de pequenas dimensións, dándose no reverso dos obxectos, alonxándose de partes que podan ter interese para o seu posterior estudo ou exposición.

En principio todo obxeto que forma parte dos fondos dun museo debe ter un número de sigla e un número de rexistro. Os materiais procedentes de escavacións arqueolóxicas xa están siglados cando entran nos museos, xeralmente, con referencias ó xacemento, campaña, cadro e número de peza (VA-87-E/10-102); Cando se trata de outro tipo de coleccións, na súa maioría, son sigladas no museo, indicando o número de rexistro da colección (92-04) e un ordinal correlativo (1, 2, 3, 4...) que conformarán a sigla do obxeto individual (924-1, 924-2, 924-3, 924-4...), tamén pódese empregar unha abreviatura da colección, seguida dun ordinal (BR-001).

Os museos arqueolóxicos adoitan acoller coleccións formadas por varios milleiros de pezas, moitas delas cando ingresan no centro xa están sigladas, pero o grupo correspondente á restos de talla e outros fragmentos non identificables non acostuman á estar. Do mesmo xeito na administración de fondos destas grandes coleccións non é imprescindible adxudicarlle número de rexistro e sigla a tódolos obxectos individuais que forman parte delas. Así, en principio, só é necesario adxudicarlle o número de rexistro individual ós obxectos que forman parte da exposición permanente e aqueles outros que revisten un especial interés (útiles, ferramentas, fragmentos cerámicos característicos, restos óseos clasificables, etc.).

O número de rexistro individual dos obxectos, en todo caso, é correlativo e non atende ó número de sigla, aínda que esta faga referencia ó rexistro da colección. O seu código fai referencia ó ano de entrada, número de colección e número de obxeto (92-04-005), de tal xeito pódese acceder sinxelamente á súa ficha, pois fican ordenadas segundo iste código. De tal xeito tan só teñen número de rexistro individual as pezas das que exista ficha xenérica.

Ista medida é tomada por mor da imposibilidade temporal de facer fichas de tódolos obxectos contidos nun museo destas características, e non induce a cometer erro algún na administración dos fondos. Os obxectos que non teñen adscrito número individual están cuantificados e almacenados segundo o rexistro xenérico da colección, ademáis, moitos deles están inventariados na documentación arqueolóxica e están siglados.

#### 4. FICHA XENÉRICA.

A Ficha Xenérica xunto co Libro de Rexistro de Fondos é a base da documentación dos materiais dun museo. Nós optamos por unha ficha única, de sinxelo manexo e versatilidade (120X75 mm.), incluída nun fichero segundo o número de rexistro de fondos.

Cando se trata de coleccións cúbrese unha primeira ficha colectiva (Fig.: 13) na que se contemplan as características xerais da colección; número de rexistro, siglas, nome da colección ou xacemento, clasificación xenérica, material, adscripción cultural, cronoloxía, ubicación, lugares de execución e procedencia, ademáis da data de ingreso. Tamén se contempla cando se trata dunha escavación arqueolóxica o ano, cadro, nivel e director da mesma.

Cando se trata dunha entrada dun obxeto individual, ou de obxectos pertencentes a unha colección (Fig.: 14) cubrimos os anteriores apartados da ficha máis: descripción, medidas, inscricións / decoracións / retoques, incidencias e debuxo.

Os campos que contén a Ficha Xenérica son os seguintes:

- **Sigla:** cando se trate dunha colección anótanse as siglas xenéricas (CV92-nº ou 922-nº), cando sexa un obxeto anótase a súa sigla individual segundo corresponda (CV92-985 ou 922-31).
- **Número de Rexistro:** cando se trate dunha colección anótase o rexistro xenérico (92-02), se é un obxeto o rexistro individual (92-02-031).
- **Obxeto/Colección/Xacemento:** no caso dun xacemento ou colección faise constar o nome do mesmo, cando se trate dun obxeto escribiremos o seu nome (fragmento cerámico, fíbula, burel, mostra, etc.).
- **Clasificación Xenérica:** cúbrese segundo as clasificacións expostas no partado de Libro de Rexistro de Fondos.
- **Material:** faise constar o material do obxeto en cuestión, dentro dos seguintes supostos:

<b>Metal:</b> metal non identificado <b>Cerámico:</b> arxila cocida <b>Lítico:</b> pedra, rocha ou mineral non identificado <b>Vidro.</b> <b>Sedimento. Materia orgánica:</b> fauna e flora	<b>Bronce, Ferro, Plata, etc. :</b> cando se saiba de certo <b>Óseo:</b> industria ósea ou óso traballado <b>Cuarcita, Sílex, Seixo, etc. :</b> cando se saiba de certo <b>Varios:</b> cando se trata dunha colección con diversos materiais
---	---

- **Adscripción Cultural:** cultura, fenómeno cultural ou época á que pertence a entrada, débese precisar o máis posible.
- **Cronoloxía:** enténdese cronoloxía absoluta, expresada en anos ou séculos.
- **Descrición:** debe ser clara e concisa, empregando as terminoloxías ó uso para cada material. Ás veces o nome do obxecto a fai practicamente innecesaria.
- **Medidas:** farase constar sempre a lonxitude, anchura e espesor do obxecto, expresadas en milímetros. No caso cás características da peza requiran algunha outra medida específica como, por exemplo, diámetro, peso, volumen, débese de especifica-la medida empregada e a súa unidade, salvo que sexan milímetros.
- **Escavación:** consígnase o ano da mesma, cadro e nivel de procedencia, e quen a dirixiu.
- **Inscripcións/Decoracións/Retoques:** desenrólanse as inscripcións, describíense as decoracións e os retoques, en cada caso segundo as metodoloxías comúnmente empregadas.
- **Ubicación:** faise consta-la ubicación do material, tanto se fica no almacén como na exposición.
- **Lugar de Execución/Ceca:** cando se saiba con certeza o lugar de fabricación do fondo.
- **Lugar de Procencia:** lugar ou xacemento de donde procede o obxecto, consta o seu nome abreviado e código.
- **Data de Ingreso:** data na que tivo lugar o ingreso.
- **Incidentes:** pódense incluí-los códigos dos negativos da peza, o código da ficha de restauro, as saídas temporais, etc..
- **Debuxo:** inclúese un debuxo ou croquis da peza, o seu autor e a escala.

Ás veces observamos como por falla dun vocabulario preciso e técnico realízanse unha serie de descripcións que non teñen nengunha utilidade, como, por exemplo, no caso dunha raspadeira recrearse máis no color e as súas bandas que na localización das fronteiras da raspadeira e a caracterización dos seus retoques. E outras veces aparece unha descripción moi farragosa (punta moi aguda, sobre lámina estreita con cota rectilínea, levemente curva, abatida por retoques moi abruptos que parten das dúas caras, e con retoques suplementarios directos na base) que pode evitarse co nome específico do obxecto (ponta de La Gravette).

## 5. FICHA DE COLECCIÓN.

A ficha de colección amósanos as características xerais dun conxunto de obxectos. En primeiro lugar (Fig.: 15) identifica o xacemento e/ou a colección, posteriormente informa da documentación ingresada xunto co material arqueolóxico (inventario, analítica, diario de escavación, planimetría, fotografía, memoria da escavación).

Noutro apartado faise constar o tipo e a cantidade de material, deste xeito tamén saberemos de cantas pezas se compón a colección. Anótase igualmente a bibliografía que exista no museo encol da colección; autor, título abreviado e signatura segundo as referencias da biblioteca do centro. Existe tamén un apartado para indica-las observacións pertinentes.

No reverso (Fig.: 16) faise unha relación, indicando o número de rexistro e sigla, dos obxectos individuais que desa colección posúan ficha xenérica. Se o reverso non fora suficiente séguese con outras follas (Fig.: 17).



## 6. XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS.

Nun museo que conteña fondos arqueolóxicos é imprescindible contar con información sobre os xacementos dos que proveñen, e cales son as coleccións que proceden do mesmo xacemento.

### Catálogo Xacementos.

En primeiro lugar constan (Fig.: 18) os códigos do xacemento, un é adscrito polo propio museo (AA-001), e o outro é o que figura na catalogación das comunidades autónomas (GA-27-085-015). Iste último na maioría dos casos fica sen cubrir por problemas de coordinación entre a Consellería de Cultura e outras institucións.

O nome do xacemento da paso ás entidades poboacionais ás que pertence. Para a súa precisa identificación anótanse os datos cartográficos e coordenadas de situación referidas á proxección U.T.M.; un plano a escala 1:50.000 ou 1:10.000; e un croquis do xacemento.

Ademáis realízase unha clasificación cultural e tipolóxica, segundo o seguinte esquema:

Cultura	Tipoloxía
1 Inteterminado	1 Indeterminado
2 Paleolítico	2 Asentamento
3 Epipaleolítico-Mesolítico	3 Lugar funerario
4 Neolítico	4 Lugar cultural
5 Calcolítico	5 Arquitectura civil
6 Idade do Bronce	6 Lugar de representación artística
7 Idade do Ferro	7 Lugar de actividade económica
8 Romano	8 Xacementos mergullados
9 Outro	

### Ficha de Xacemento.

As fichas de xacemento (Fig.: 19) ordénanse de xeito alfabético polo nome do xacemento, ademáis fanse costar na cabeceira os códigos anteriormente citados, e as referencias toponímicas.

Ista ficha ofrécenos a posibilidade de coñecer cantas coleccións pertencen a un mesmo xacemento, cántas campañas se fixeron, cal é o seu número de rexistro, cal é a súa sigla, e por quen foi dirixida a intervención. Si se trata dunha colección que non procedese dunha excavación, faise consta-lo número de rexistro, sigla e o nome de quen fixo a entrada.

## 7. UBICACIÓN.

Unha vez feita a entrada dos obxectos, e estar rematada a documentación administrativa, os materiais sitúanse na súa ubicación definitiva (salvo a existencia de saídas temporais, ou modificación da exposición permanente), é dicir, colócanse no almacén ou nas vitrinas da exposición permanente.

**Almacén.**

No almacén o material distribúese en caixas de cartón, etiquetadas cós números de rexistro que conteñan e cunha tarxeta de contido que indica tanto as coleccións incluídas en cada caixa como unha referencia exacta dos materiais que garda (Fig.: 20). Dentro destas grandes caixas (30x35x30 cm.) existen outras máis pequenas, e en algún caso bolsas, nas que por medio de etiquetas se reflicten datos sobre as pezas que albergan.

**Exposición.**

A exposición permanente a compoñen unha serie de vitrinas e salas; as salas están numeradas correlativamente, e as vitrinas tamén, non se enceta a numeración da vitrina ó cambiar de sala. As pezas contidas en cada vitrina son numeradas e marcada a súa posición na **Tarxeta de Vitrina** (Fig.: 21). Existe, ademáis, unha **Ficha de Vitrina** (Fig.: 22 y 23) na que se relacionan os números de posición, nome dos obxectos contidos en cada vitrina, e o seu número de rexistro e sigla.

**8. OUTROS.**

No propio almacén existe unha sección onde se garda o **Arquivo-Dossier de Fondos**, é un arquivo de documentación non administrativa das coleccións, formado por: inventarios de excavación, analíticas, fotos, planos, debuxos, clasificación dos materiais, estudos realizados, etc..

A maioría das veces esta documentación adxúntase cando se realiza a entrada da colección. Aínda que tamén vaise producindo ou ampliando polo persoal do museo e outros investigadores cando estudien ou cataloguen os materiais.

Cóntase cun **Arquivo Fotográfico** das pezas custodiadas no museo, empregamos unha cámara cun respaldo impresor que imprime o código establecido no negativo. No **Rexistro de Negativos** (Fig.: 24) anótase o número do negativo (N-AA-0002, N-AB-0132), número ou números de rexistro e descripción. Os negativos poden ser de parte ou totalidade dunha peza (Lám.: I), ou de varias (Lám.: II), por iso é necesario adxudicarlle ó negativo un número distinto ó do rexistro da peza. Dentro deste arquivo fotográfico están presentes os negativos de xacementos que teñan coleccións no museo, neste caso o número de rexistro é substituído polo código de xacemento. Ás veces, sobre todo para documentar procesos de alteración ou restauración, imprímese no negativo a súa data de realización (Lám: II).

Tódalas restauracións ou consolidacións que se efectúen no propio museo, ou fora del por outras persoas, deben anotarse nunha **Ficha de Restauración** (Fig.: 25). Cando se envíen os materiais fora do museo para a súa restauración, é interesante adxuntar a propia ficha que ten o museo, así ista é cumplimentada pola persoa que realiza a intervención, aínda que o propio obradoiro envíe a súa.

Na ficha consígnase á sigla do material, número de rexistro, data de realización, e o código da ficha de restauración. De seguido sinálase o nome do obxeto, e os números de rexistro de negativos (é interesante plasmar a peza no estado anterior e posterior da intervención). Faise unha reseña do seu estado de conservación, e cando seña preciso realizar algunha análise para determinar algún proceso dexenerativo ou corrosivo, débese indica-lo tipo da análise e o seu resultado. Logo anótase o tratamento realizado ó obxeto; e si é complexo ou novedoso, débese citar bibliografía ó respecto, e anota-las pertinentes

observacións. Para rematar deberase incluír o nome do autor ou obradoiro responsable da intervención, e o rexistro ou código co obradoiro designe ó traballo.

Tódolos traballos e artigos publicados sobre as coleccións ou obxectos depositados nun museo teñen que formar parte da súa biblioteca. Resulta imprescindible esixir ós investigadores que estudien materiais dun museo que, unha vez rematada a súa tarefa, entreguen un inventario e a clasificación dos obxectos, esta documentación é gardada no almacén no Arquivo-Dossier de Fondos, sendo exclusivamente empregada para a administración de fondos. Cando o investigador publique o traballo baseado nos fondos dun museo debe enviar a íste un exemplar do mesmo para a biblioteca do centro.

## 9. CATÁLOGOS E GUÍAS.

A edición de catálogos e guías é unha etapa clave do proceso de administración dos fondos, aínda que en moitas ocasións sexa difícil a separación entre elas.

Nun museo de prehistoria, xa ordenado cronolóxicamente, o **Catálogo da exposición permanente** presenta un inventario polo miúdo das pezas expostas agrupadas por culturas ou etapas. Tras unha caracterización da etapa ou cultura, pásase a relacionar as pezas expostas por vitrina e número de posición, contemplando os seguintes datos: nome do obxecto, cultura e cronoloxía, material, dimensións, lugar de procedencia, descripción morfolóxica e tipolóxica, uso ou simboloxía, paralelismos e/ou encadre cultural, estado de conservación, bibliografía, e fotografía.

A **Guía Xeral** reseña unha breve historia do museo como institución e como ente material, deténdose nos seus servizos e organización das salas. Logo introducíndose na exposición cabe plasmar a caracterización e explicación das culturas e épocas presentes, ademais de incluír nesa explicación as pezas expostas nas vitrinas, e os xacementos dos que proceden.

A **Guía de visitas** é unha guía de man, na que de xeito breve faise un percorrido pola exposición permanente, enunciando as salas, as culturas representadas, e os materiais expostos. Contén ademais, datos sobre o edificio, data de creación do museo, servizos cos que conta e réxime de visitas. É gratuita e fica a distribución dos visitantes na recepción.

Existe tamén a chamada **Guía Didáctica**, concebida como unha explicación sinxela e con linguaxe didáctica das culturas e materiais presentes na exposición permanente, funciona tamén como guía do profesor asociada ós cadernos didácticos para as diferentes etapas escolares.

Para complementala documentación ofrecida ó público cóntase, na recepción do Museo, cunha **Ficha de Vitrina para visitantes** (Fig.: 26 y 27), relacionada coa Tarxeta de Vitrina ofrece información sobre cada obxecto incluído na vitrina (nº de posición, nome do obxecto, adscripción cultural e lugar de procedencia).

## 10. OBSERVACIÓNS.

Como decíamos no comezo, iste sistema é o que temos posto en marcha no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Villalba. Desde o principio do seu establecemento reflíctouse como o máis axeitado ás características dos fondos custodiados nel.

Por mor da falla de persoal moitas veces é imposible cubrir tódolos formularios e fichas cando entran ó museo as coleccións. Logo debemos establecer un mínimo de actuación, iste é: cubri-lo formulario de entrada, co seu asento no arquivo documental, realiza-lo asento no Libro de Rexistro de Fondos e cubri-lo talonario.

Cando a colección se coloque no almacén é imprescindible cubri-la ficha xenérica colectiva e facer nela consta-la situación da mesma. Logo cando o tempo e o persoal disponible o permitan seguirase co resto da documentación.

Nestes intres estamos a deseñar un programa de base de datos interrelacionable para xestiona-la administración de fondos informáticamente.

## 11. AGRADECIMENTOS

Témola obriga de agradecer a Don José Ramil e a Don Benigno Piñón, Director e Segretario, respectivamente, do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Villalba a axuda prestada no deseño e posta a punto deste sistema de administración e documentación de fondos.

## 12. BIBLIOGRAFÍA.

- Alcalde, G., Junyent, E., Péres, A., Pons, E., Soler, N., e Tarrús, J.  
1988 **Arqueologia. Ingrés al museu de materials arqueològics**. Museus Documentació. Generalitat de Catalunya. Barcelona. 14 páx.
- Caballero Zoreda, L.,  
1983 A propósito del «sistema de documentación para museos». **Boletín Anabad**, XXXIII, nº 3, pp. 493-500.
- López Redondo, A., López de Predo Nistal, C., Lemos Ramos, B.,  
1993 **Censo de Museos de Galicia. Normas para o Inventario**. Museos de Galicia, cuadernos de documentación, 1. Xunta de Galicia. Santiago, 258 páx.
- Porta, E., Montserrat, R.M. e Morral, E.,  
1982 **Sistema de documentación para museos**. International Council of Museum, Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya. Barcelona, 84 páx.




FIG. 1


	<p>MUSEO DE PREHISTORIA E ARQUEOLOXÍA DE VILLALBA</p> <p><b>FORMULARIO PARA DOACIÓNS</b></p>				
